

## ACTA XUNTANZA CONSELLO CAMPUS PONTEVEDRA

**Lugar:** videoconferencia Campus Remoto da Uvigo: Sala 15 de Reitoría (Vice. Campus PO)

**Data:** 28 de maio de 2020

**Hora de comezo:** 10:00 h

**Hora de remate:** 12:00 h

**Presidente:** Manuel Joaquín Reigosa Roger

**Secretaria:** Ana Belén Fernández Souto

**Asistentes:** Manuel Joaquín Reigosa Roger, Jorge Soto Carballo, Xosé Manuel Buxán Bran, Marcos Dopico Castro, Ana Belén Fernández Souto, Eva M<sup>a</sup> Lantarón Caeiro, Álvaro Xosé López Mira, Lucrecia M<sup>a</sup> López Rubianes, Purificación Marcet Miramontes, Carlos Mollinedo Lois, Juan Picos Martín, Vicente Romo Pérez e Sara M<sup>a</sup> Torres Outón. Tamén intervén a vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, María Isabel Doval Ruiz e o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, Manuel Ramos Cabrera.

### 1. Aprobación da acta da sesión anterior (12.03.2020).

Apróbase por asentimento.

### 2. Informe do Reitor

O reitor informa sobre a ABAU, di que todo está en marcha e agradece a boa disposición e colaboración da Presidenta da Deputación Provincial e do Alcalde de Pontevedra.

O presidente informa sobre o Grao en Dirección e Xestión Pública e a súa posta en marcha para o vindeiro curso. Aproveita para dicir que é o único grao virtual do SUG polo que debemos felicitarnos.

Tamén informa sobre o Grao de Deseño e Moda e as posibilidades e aspectos organizativos de xeito que a idea é que no curso 21-22 estea en marcha.

Sobre a adxudicación de servizos nos campus, o reitor informa de que o Sergas non permite a implantación de fotocopiadoras non atendidas e comenta a dificultade que supón esto para cubrir o servizo.

O reitor informa de que posiblemente o curso principiará coa metade dos alumnos, dadas as medidas de prevención e saúde que se están a barallar.

Sobre os exames de segunda oportunidade, o reitor ve razoable que haxa unha porta aberta para algunhas titulacións (enfermaría, fisioterapia...)

Finalmente, o reitor explica detalladamente como foi a toma de postura e o proceso de toma de decisión respecto ao documento presentado pola Xunta de Galicia e o alternativo ao programa voluntario de impulso de implantación da docencia mixta.

### 3.- Informe do vicerreitor do Campus de Pontevedra:

O vicerreitor agradece a todos os membros da comunidade universitaria do Campus de Pontevedra o esforzo por adaptarse a esta nova realidade.

Sobre o Campus Crea informa de que a partir do 2 de xuño haberá unha segunda persoa de apoio á investigación no campus. Tamén comenta que se está a realizar un boletín mensual e outras labores informativas sobre convocatorias de investigación. Anuncia que en poucos días sairá á luz o primeiro número da revista CREA, interdisciplinar e internacional.

Respecto das estruturas e planificación do Campus, informa de que se realizou o aillamento de despachos na Escola e Enxeñaría Forestal, cambios de portas e fiestras en distintos centros do campus, instalación dunha rampa na Facultade de CC. da Educación e do Deporte,

intervencións no mobiliario urbano do campus e no alumado exterior do campus e que están en proceso outras intervención de mellora das nosas instalacións e do exterior do Campus .

Tamén recolle que se está a colaborar activamente co Concello de Pontevedra en proxectos de promoción da lingua e se está a preparar a Semana de Filosofía.

Finalmente indica que debido á COVID moitas actividades culturais que estaban programadas tiveron que suspenderse, pero algunhas poderanse retomar máis adiante. Asimesmo, pasou o mesmo con varios congresos que quedaron pospostos.

### **3. Intervención da vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación.**

A vicerreitora indica que se están a atender as emerxencias derivadas da COVID e indica que no campus de Pontevedra, case todo o alumnado que estaba con mobilidade no estranxeiro están de regreso; tan só hai dous casos identificados que seguen fóra do país: un en Perú e outro en Romanía, pero a Universidade de Vigo está en contacto cos alumnos en cuestión.

A vicerreitora agradece a labor do persoal responsable de mobilidade do campus e ás delegacións de alumnos pola súa dedicación.

Indica tamén que se está a traballar para mellorar a composición da Comisión de Mobilidade internacional e reconece que, de cara ao vindeiro curso, se están a producir moitas renuncias por parte dos estudantes. A todos eles se lles recomenda centrar a súa mobilidade no segundo cuadrimestre en previsión de que poida haber problemas durante o primeiro.

A vicerreitora informa de que se fixo unha xuntanza na CRUE de internacionalización e que se defendeu non suspender a mobilidade presencial e combinala con accións online; aínda así hai varias universidades que optaron por suspender toda a súa mobilidade.

A vicerreitora manifesta una preocupación especial polos alumnos que tiñan previsto viaxar a Latinoamérica e tamén a USA e Canadá, debido aos posibles problemas que poidan ter para conseguir os visados.

Informa tamén de que se está a realizar un Plan de Convergencias internacional, que ata o de agora non existía.

Explica a auxe das materias “english friendly” que permite aos estudantes internacionais o acceso á materias que non son impartidas en inglés, pero que teñen a avaliación, tutorías e elaboración de materiais nese idioma.

A vicerreitora informa sobre a inclusión de estudantes con NEAE, indicando que hai máis de 300 en toda a Universidade. Agradece o traballo dos responsables do PIUNE durante esta crise e indica que se reforzou o servizo do gabinete psicopedagóxico. Informa tamén de que se asinarán proximamente convenios coa ONCE e Autismo Galicia, así como da creación dun repositorio de recursos para adaptar aos alumnos con NEAE dirixido aos docentes.

Sobre a Responsabilidade Social Universitaria, a vicerreitora ten previsto lanzar máis accións de voluntariado en setembro e dar continuidade ás actividades de apoio de Mulleres de África que están a cursar estudos na Uvigo.

A vicerreitora informa tamén de que se realizarán máis cursos en FAITIC e sairá a 2ª edición de Uvigo-Humana. De igual forma, se pretende ampliar o programa de acollida de estudantes de Marrocos e convida a pensar en máis entidades sociais para buscar colaboracións.

A vicerreitora indica que convocará os premios ao mellor TFM e TFG e informa que, agora mesmo, hai uns 11 ou 12 proxectos para a convocatoria APS con compromiso social e agradece o seu labor a Alberto Dafonte, Marta Pérez, Ana Isabel Rey, Soraya Rodríguez e Enrique Varela.

Anuncia tamén unha bolsa de formación para traballar en temas de responsabilidade social universitaria e pide difusión para o programa de pausas activas en directo, que está a ter moi boa acollida.

Sobre o voluntariado, agradece ás organización a súa colaboración e lembra que no campus de Pontevedra existe o proxecto Lapasión e reflexiona sobre a necesidade de aumentar o número de proxectos nas liñas de cooperación e desenvolvemento.

Finalmente, a vicerreitora ponse á disposición dos decanatos para asistir ás charlas de benvinda do alumnado para explicarlles as funcións da vicerreitoría que representa.

#### **4. Intervención do vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado.**

O vicerreitor informa sobre a oferta de prazas para o vindeiro curso, indicando que no campus de Pontevedra só haberá variacións no grao de Grao en Dirección e Xestión Pública, debido a que se substitúen as 20 prazas presenciais por virtuais e haberá que facer promoción específica para dar a coñecer este cambio. Sobre a oferta de Máster, mantense coma en anos anteriores.

O vicerreitor informa sobre os criterios que baralla a Xunta para os límites de prazas e continuidade das titulacións, indicando que para os doutoramentos non haberá novos criterios. Para os graos, terase en conta a matrícula dos últimos tres anos de cara a subir ou baixar a oferta de prazas. Este tema non é preocupante para o campus de Pontevedra, dado o éxito dos seus graos. Tamén indica que todos os centros do campus contan con lista de agarda, salvo Forestais e XAP. Outro criterio que baralla a Xunta son as taxas de graduación (a media dos últimos tres anos) e as taxas de empregabilidade.

Os criterios propostos para os Máster son os relativos ao número de matrícula dos últimos 3 anos, polo que para evitar problemas futuros deberíanse incrementar o número de alumnos dalgúns dos máster impartidos en Pontevedra.

Eva Lantarón plantexa a problemática do seu centro cos chamamentos de Medicina, que pechan de forma artificial. O vicerreitor indica que é un tema no que se está a traballar pero advirte da súa complexidade. Eva Lantarón insiste en que por este motivo se están a perder alumnos na súa facultade.

Álvaro López Mira pide que se vexa si hai unha única taxa ou se se fixo a media das dúas modalidades para o caso de Grao en Dirección e Xestión Pública (presencial e online). O vicerreitor indica que está pendente esa consulta. Álvaro López Mira lembra que as taxas de abandono nas titulacións online soe ser elevada.

#### **5. Rolda de intervencións.**

Xosé Baamonde pregunta se a Universidade de Vigo marcará as pautas para a volta ás aulas ou esta responsabilidade recae nos decanatos. O Reitor resposta indicando que se está a traballar neste tema e se tratará no vindeiro Consello de Goberno, intentando manter no posible a presencialidade para o próximo cuadrimestre. O reitor pensa que para setembro se utilizará un aforo limitado para o que a unidade técnica está a facer os estudos pertinentes para adaptar os espazos. Tamén comenta que se está a traballar nun “campus integra” que permita compatibilizar as aulas presenciais co ámbito online.

Xosé Baamonde pregunta se o Informe de Prevención de Riscos Laborais inclúe o préstamo de material e se indica un protocolo de entrega e limpeza. A esta pregunta únese tamén J. M. Buxán e o reitor indica que se os equipos decanais se comprometen a facilitar que os estudantes recollan material de forma puntual, deberían facelo con cita previa, seguindo o exemplo de como se fixo co préstamo de material informático aos alumnos.

Por último, Xosé Baamonde lembra que se prometeron cartos de especialización das titulacións duplicadas e da promoción do galego, pero estes foron escasos. Tamén pregunta cando os estudantes poderán cambiar de provincia para vir recoller as súas pertenzas nos centros, pisos de aluguer, etc. O reitor di que se debe facilitar todo canto sexa posible, e a reitoría pode emitir documentos xustificativos para estas situacións.

Eva Lantarón pregunta se de forma xeral se pecharán as aulas a mediados de outono. O reitor resposta indicando que a previsión é que o curso académico comece fisicamente pero que é probable que a finais de novembro sexa preciso adaptarse ao ámbito online.

Eva Lantarón pregunta pola dificultade que teñen algúns graos co tema das prácticas, caso de fisioterapia onde é imposible tratar aos pacientes cunha distancia de dous metros. O reitor indica que estes casos son especialmente complexos e que se terán que estudar as súas particularidades. Eva Lantarón insiste no tema das prácticas indicando que no presente curso non houbo moita dificultade coas prácticas externas xa que cando se estableceu o estado de alarma a maior parte dos estudantes xa tiñan realizado máis de 70% das prácticas, pero pregunta como se vai a xestionar se se volve a dar a situación. O reitor indica que algunhas universidades formularon como opción a ampliación dun curso académico para facer estas prácticas, pero na Uvigo non foi preciso ata o de agora e confía en que non se teña que adiar a graduación de ningún estudante. Nese sentido, a decana de Fisioterapia indica que tiveron unha reunión de decanos e decidiron facer un documento común para consensuar medidas a tomar neste tema se é preciso volver a adaptarse pola pandemia.

En sen máis asuntos que tratar remata a sesión na hora arriba indicada